

## IIV FESTIVAL DE CULTURA URBANA\_Soutomaioir

DOMINGO  
**1**  
XUÑO

**Descrición:** evento dirixido fundamentalmente ao público xuvenil no que se ofertarán actividades ligadas a diferentes estilos e movementos culturais urbanos

**Destinatarios/as:** nos obradoiros mozos e mozas de 10 a 35 anos

(nalgunhas actividades si sobran prazas poderán participar outras idades ou serán abertas. Consultar na OMIX)

**Datas e horario:** domingo 1 de xullo de 11.30 a 22,30 h.

**Lugar:** Peirao de Arcade e Multiusos

**Inscripcións:** na OMIX ou no mesmo día ata unha hora antes do inicio da actividade, si hai prazas vacantes.

**20 prazas -obradoiro**

**Obradoiros:**

Danzas de rúa  
Parkour  
Streetworkout  
Graffiti  
Skate  
Slackline

**Campionato:** ARCADE JAM (BMX E SCOOTER)

**Pista de Baile Móbil**

**Exhibicións de Bailes de Rúa**

**Lugar:** no SkatePark e instalacións limítrofes. Peirao de Arcade

## VII CONCURSO DE KARAOKE

SÁBADO  
**7**  
XULLO

**Data:** sábado 7 de xullo de 2018 ás 22,30 no Multiusos, Arcade (auditorio exterior)

**Participantes:** a partir de 6 anos.

**Praza para inscribirse:** ata 16 de xuño.

**Máis información:** pedir as bases e o listado de cancións na OMIX.

Tamén de pode consultar o listado na web

[www.soutomaioir.com](http://www.soutomaioir.com)

## ECOPERCUSIÓN

**Obradoiro de percusión alternativa**

INSCRICIÓNS  
DO ATA  
**20 19**  
XUÑO XULLO

**Contidos:** actividade que traballa mente e corpo a través da percusión incluíndo nocións de interpretación, patróns rítmicos, improvisación, etc. Usaremos diferentes instrumentos percutivos produto da reciclaxe:

bidóns, latas, tixolas, etc.

**Destinatarios/as:** faremos dous grupos:

> **Grupo 1:** 11 a 13 anos.

**Horarios:** 30,31 de xullo e 1,2,3 de agosto de 9,45 a 11,45 h. Exhibición venres 3 de agosto de tarde.

> **Grupo 2:** de 14 a 35 anos.

**Horarios:** 30,31 de xullo e 1,2,3 de agosto de 11,45 a 13,45 h.

**Práctica – exhibición ambos grupos:** venres 3 de agosto de tarde (pendente horario).

**Prazas:** 30/grupo


**Praza de inscrición:** desde 20 de xuño ata 19 de xullo na OMIX.

**Lugar:** Multiusos, Arcade.

+ SERVIZOS/PROGRAMAS

<p><b>Información Xuvenil xeral</b></p> <p>Bolsas, concursos, axudas, ofertas emprego, programas de mobilidade, cursos, etc...</p>	<p><b>Asesoramento</b></p> <p>Estudios / laboral asociacionismo / voluntariado / iniciativas xuvenís</p>
<p><b>Carné xove garantía xuvenil</b></p>	<p><b>Subscricións</b> ← -- --</p> <p>BIX SOUTONEWS TOKAPP <small>(APP para recibir información no mobil)</small></p>

Sigue o enlace deste Código QR.  
Hai moito máis de Xuventude.



Para acceder co teu teléfono deberás descargar unha aplicación de lectura de código QR, moitas aplicacións son de balde.

MÁIS INFORMACIÓN E INSCRICIÓNS



**Concellería de Xuventude - OMIX**

Multiusos, r/ Peirao, 8 / 36690 (Arcade)

Teléfono: 986 700 822

[omix@soutomaioir.com](mailto:omix@soutomaioir.com)

[www.soutomaioir.com/xuventude](http://www.soutomaioir.com/xuventude)

[www.gabinetesoutomaioir.com](http://www.gabinetesoutomaioir.com)


- As prazas son limitadas, teñen preferencia as persoas empadroadas no Concello de Soutomaioir.
- Consultar resto de condicións na OMIX.

**HORARIO**

de luns a venres de 15,30 a 20,30 h  
agás o mércores que é de 9 a 14 h

Síguenos en:






Boletín Informativo Xuvenil

# BIX

XUVENTUDE

soutomaioir

**2DO TRIMESTRE 2018**  
Abril - Maio - Xuño



## FORMACIÓN

VENRES  
**13**  
ABRIL

**CURSO DE AUXILIAR DE ALIMENTACIÓN EN SUPERMERCADOS 60 H (30 teóricas + 30h prácticas en empresas)**

**Contidos:** traballos específicos de auxiliar de carnicería. Clasificación dos produtos. Conservación. Corte e despece. Traballos específicos de auxiliar de charcutería. Clasificación dos produtos. Conservación. Corte e despece. Traballos específicos de auxiliar de peixería. Clasificación dos produtos. Conservación. Preparación e limpeza. Traballos específicos de auxiliar de froitería. Clasificación dos produtos. Conservación e tratamento. Traballos específicos de auxiliar de panadería e pastelería. Sistemas de etiquetado. Control de calidade.

**Destinatarios/as:** maiores de 16 anos.

**Horario** (realizarase no de maior demanda):

**Opción 1:** luns, xoves e venres desde 20 de abril a 10 de maio en horario de 16,30 a 20,30 h

**Opción 2:** luns, mércores e venres de 9.30 a 13.30 h desde 18 de abril a 4 de maio

**Data de realización:** venres 13 de abril.

**Matricula:** 15€ empadroados/as; 40€ non empadroados/as.

**Praza de inscrición:** ata 16 de abril na OMIX.

## CURSO OPERACIÓNS BÁSICAS EN INSTALACIÓN E MANTEMENTO DE XARDINS E ZONAS VERDES 60 h (30 h teóricas + 30 h prácticas en empresas)

INSCRICIÓNS ATA  
**14**  
MAIO

**Obxectivos:** coñecer os tipos de xardíns e técnicas de deseño. Aprender a utilizar as ferramentas de xardinería.

**Contidos:** preparación do terreo. Substratos.

Ferramentas de traballo e equipos de protección Contedores, tipos. Estilos de xardinería. Zonificación de xardíns e zonas verdes. Técnicas utilizadas no deseño de xardíns e zonas verdes. Elementos dun xardín ou zona verde.

**Destinatarios/as:** maiores de 16 anos.

**Horario** (realizarase no de maior demanda):

**Opción 1:** luns, martes e xoves desde 22 de maio a 5 de xuño en horario de 16,30 a 20,30 h

**Opción 2:** luns, mércores e venres de 9.30 a 13.30 h desde 23 de maio a 6 de xuño.

**Matriculación:** 15€ empadroados/as; 40€ non empadroados/as.

**Prazo de inscrición:** ata 14 de maio na OMIX

## CURSO PREPARATORIO PARA A OBTENCIÓN DA ESO

**Contidos:** traballaremos os contidos que se integran no programa de educación de persoas adultas coa finalidade de prestar un apoio ás persoas interesadas en presentarse aos exames das probas libres para a ESO.

**Destinatarios/as:** a partir de 18 anos.

**Datas:** abril a maio.

**Horarios:** luns e xoves de 18,30 a 20,30 h.

**Cota:** abril/maio\_ 15€ empadroados-as / 30€ non empadroados/as.

**Exames:** 1º convocatoria 25 maio; 2ª convocatoria 7 setembro.

**Lugar:** Multiusos, Arcade.

## CURSO PARA A OBTENCIÓN DO CARNÉ DE MANIPULADOR/A DE ALIMENTOS (3,5h)

**Contidos:** persoa manipuladora de alimentos, conservación dos alimentos, como realizar a manipulación hixiénica, as enfermidades de orixe alimentaria, o lavado e desinfección de utensilios, de pendencias e locais onde prepáranse ou serven alimentos, etc.

**Destinatarios/as:** maiores de 16 anos.

**Horario:** pendente.

**Data de realización:** venres 8 de xuño

**Matriculación:** 12€ empadroados/as; 16€ non empadroados/as.

**Prazo de inscrición:** ata 30 de maio na OMIX.

## PREVENCIÓN

## MOCEANDO!

**Esta actividade** é unha proposta lúdico \_ formativa para falar de sexualidade abertamente pero tamén para aprender a xestionar as nosas relacións cos demais. Para que a mocidade sexa responsable e atope

respostas a todas as preguntas dun xeito seguro, obxectivo e profesional.

### OBRADOIRO 1: “SEXPRÉSATE”

**Breve descrición:** recibiredes información sobre sexualidade para resolver dúbidas e así poder tomar decisións acertadas sen complexos nin medos.

**Destinatarios/as:** mocidade de entre 13 e 16 anos.

**Data e horario:** martes 26 de xuño de 11,30 a 13,30 h

### OBRADOIRO 2: “BERRANDO SOLUCIÓNS”

**Breve descrición:** falaremos de como xestionar o conflito de xeito positivo sen medo, sen vergoña e sen sentirnos derrotados/as; como construír relacións en positivo e expresar as nosas emocións e pensamentos sen violencia física nin verbal.

**Destinatarios/as:** Mozas e mozos de 13 a 17 anos.

**Data e horario:** xoves 28 de xuño de 11,30 a 13,30 h

**Prazo de inscrición nestes obradoiros:** ata o 22 de xuño na OMIX . Son de balde!

**Imparte:** Centro Quérote. Xunta de Galicia.

## PARTICIPACIÓN

### XI CONCURSO “VERBAS PARA... Comunicar”

**Obxectivos:** promover o uso da lingua galega entre a mocidade e conmemorar o día das Letras Galegas.

#### Modalidades:

**A) Texto:** redacción dun texto en lingua galega que transmita unha idea, sentimento, opinión, etc., que nos gustaría compartir.. Só presentación individual. O tamaño do texto non poderá ser superior ás 12 liñas

**B) Audiovisual:** elaboración dun vídeo (curta) e audio (tema musical ou outros) cunha duración máxima de 5 minutos. Pode presentarse de xeito individual ou grupal.

**Presentar en USB.** Pode ser gravado con móbil ou cámara. Acéptanse tamén en calidade HD. Obrigatorio mensaxe en galego, escrita ou verbal.

**Tema e estilo:** libre.

**Destinatarios/as:** empadroados/as de 12 a 20 anos.

**Categorías:** Categoría A: idades de 12 a 14 anos.

Categoría B: idades de 15 a 20 anos.

**Prazo de presentación:** ata o 4 de maio. A entrega de premios realizarase o martes 15 de maio para conmemorar o día das Letras Galegas.

**Pedir as bases na OMIX**

## X FESTIVAL DANZARTE, 2018

VENRES  
1  
XUÑO

**Contidos:** actuación de grupos municipais de pintura, bailes, etc no que tamén poderemos ver exhibicións doutros grupos locais que colaboran con este festival.

**Data:** venres 1 de xuño ás 21.30 h Multiusos (Arcade) ACTUACIÓN ESPECIAL DA ASOCIACIÓN XUVENIL GALIROKERS coa actuación de HIP HOP ambientada nos anos 70 baseada en “Soul Train” que conta con grandes recoñecementos a nivel nacional e internacional.

>Inauguración da EXPOSICIÓN “OS/AS NOSOS/AS ARTISTAS 2018” (desde 1 ata 15 de xuño no Multiusos, Arcade).

## XORNADA DE HUMOR AMARELO en Vigo

INSCRICIÓNS ATA  
22  
XUÑO

**Obxectivos:** realizar unha actividade de lecer dirixida á mocidade que fomente o traballo en equipo, a creatividade e a práctica deportiva en igualdade nun entorno natural e ao aire libre.

### > CIRCUÍTO TANJUN + FÚTBOL BURBULLA

**Grupo 1:** 11 a 13 anos (20 mínimo/ máximo 25).

A duración será de aproximadamente de 1,30h e consta de 6 probas: pelexa de sumos; Toro manual; Wipeout; Telaraña; Dragón dourado; Loita de gladiadores/as

### > CIRCUÍTO ABUNAI + FUTBOL BURBULLA

**Grupo 2:** 14 a 25 anos (20 mínimo/ máximo 25).

A duración es de unas 2,30 horas e inclúe todas as probas do circuíto anterior máis 3 probas de maior dificultade que son: parede de puños; rodillos; ponte colgante.

**Destinatarios/as:** mozos e mozas de 11 a 25 anos ambas incluídas.

**Data:** venres 29 de xuño de 2018 .

**Horario:** 9.15 a 14.00 h.

Saída autobús Casa do Concello: 9.15

Saída autobús Cruce de Pierres: 9.30

**Lugar:** HA - Humor Amarelo en Vigo.

**Matriculación:** 5€ empadroados/as; 20€ non empadroados/as.

**Prazo de inscrición:** ata 22 de xuño na OMIX

## CLAUSURA DOS PROGRAMAS DA ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO

### Representacións:

> **VENRES 29 DE XUÑO** –Grupo Xuvenil 2 ás 21,00 h

> **SÁBADO 30 DE XUÑO** – Grupo infantil e Grupo xuvenil 1 ás 20,30 h

**Lugar:** Multiusos, Arcade

## ENCUNTRO DA MOCIDADE

“Vinte mil leguas de viaxe submarino”

San Simón 2018

INSCRICIÓNS  
DO ATA  
24 31  
ABRIL MAIO

**Descrición da actividade:** Consiste en ofrecer unha proposta de participación facilitadora de espazos de encontro e interacción entre a mocidade do municipio en contextos informais e espazos naturais para

traballar temas culturais que lles resulten de interese aplicando metodoloxías lúdicas e creativas. Cada ano o encontro ten unha temática que vai ligada a grandes acontecementos que sucederon ao longo a historia arredor da Illa de San Simón. Nesta ocasión a temática estará baseada na novela de Xulio Verne “Vinte mil leguas de viaxe submarino”. Os/as participantes atoparanse durante a súa estancia en San Simón con Aronnax, co Capitán Nemo e terán ocasión de coñecer todos os segredos do Nautilus. Tamén haberá outras aventuras e sorpresas nas que os mozos e mozas de Soutomaior construírán a súa historia a través do seu paso por San Simón. Durante este encontro traballarase por grupos de idades (12 a 14 / 15 a 17). As actividades serán diferenciadas e adaptadas ás idades de cada grupo pero tamén participarán en veladas conxuntas.

**Prazas:** mínimo 25 máximo 54.

**Destinatarios/as:** 12 a 17 anos.

**Datas:** 20,21,22,23 de agosto (4 días/3 pernocoas)

**Lugar:** Illa de San Simón.

**Custe:** 50€ empadroados/as; 145€ non empadroados/as. *Inclúe: actividades, material, personal titulado, traslado á illa, pernocoas en instalacións na illa, manutención completa, seguridade.*

**OBSERVACIÓNS:** Realizarase unha reunión co equipo de monitores/as en xullo: a data comunicárase cando se comunique a admisión.

**Prazo de inscrición:** na OMIX desde 24 de abril ata 31 de maio.. Para máis información consultar as bases na OMIX ou na web municipal.